


SARABELA TEATRO *Presenta*



A IDADE de ARÍSTIDES VARGAS DA PAVÍA

dirección
ÁNXELES CUÑA BÓVEDA

FINA CALLEJA
NATE BORRAJO

FERNANDO DACOSTA
SABELA GAGO

AGADIC



SARABELA
TEATRO 



*Unha marabillosa viaxe
á patria irrecuperable.*

XO SOBRE O TEMPO E A IDADE GO

ARÍSTIDES VARGAS, AUTOR DE MERECIDO RECOÑECEMENTO INTERNACIONAL, interróganos e fainos sentir: A que idade se extravían os soños e as ilusións? A que idade se perde o medo á escuridade, ás ratas ou ás arañas? A que idade habería que fuxir do fogar? Que idade debe ter a pavía para ser viño e non vinagre? A que idade se pode dicir: Vellez, divino tesouro!

A Idade da pavía con dores e alegrías, con esperanzas e frustracións, dá conta dun tempo que foi, dun tempo moi parecido a outros que nos pertenceron, ou ao que pertencemos e que permanecen gardados na nosa memoria. Unha viaxe ao pasado, visto a través dos ollos de dúas irmás, de pequenas e de adultas. Unha historia de amores, rancores, esquecementos, recordos trastornados e felicidades sinxelas.

Neste universo, envolto de realismo máxico, hai mulleres paxaros que non voan, nais árbores que dan froitos que apodrecen, irmás da alma que se aman con dor e ratas que falan. Entre o olor a pavías, ábreanse as portas para espiar a todas as mulleres que poboaron a infancia, desvelando os segredos que cada unha delas aloxaba no seu interior.

Construída cunha linguaxe onírica-poética e con humor sutil no que se esconde unha crítica á sociedade. A esta casa poderíamos comparala cun país, e a cada un dos personaxes coas diferentes clases de persoas que o habitan: nove mulleres. Todas moi distintas, pero que coinciden na necesidade de abandonar ese lugar onde foron felices e infelices. Ecos da memoria, do desarraigo, da marxinação.

Obra magnífica de pegada inesquecible que imanta dende o primeiro minuto. O pasado cosido ao presente, coa necesidade imperiosa de rescatar as raíces, de responder aos grandes interrogantes da existencia. Convoca á tenrura. Pon en evidencia a necesidade que ten o ser humano de non estar só, a pesar das dificultades da convivencia.

**Conmove,
fai rir, chorar,
soñar, sentir,
gozar e anhelar
vivir ben o
vivido.**

A NOSA PROPOSTA

*Paso do tempo
con poesía e humor*



MERGULLARSE NA IDADE DA PAVÍA É COMO VOLVER a un lugar entrañable. E tamén é como mirar cara a atrás e decatarse de que todo cambiou. Reconstruír os recordos é un reto; recrear imaxes difusas dun pasado que seguirá vivo mentres teñamos memoria del, día a día con fragmentos dun tempo que imos gardando, con olores e obsesións escondidas nos máis ocultos recunchos da nosa mente, pasa por imaxinar espazos poéticos.

Arístides Vargas bebe da súa propia vivencia e elévaa a poesía dramática, cun texto excelente e áxil que nos cativa dende a primeira lectura. A obra deixa moita liberdade para soñar a partitura da posta en escena. O desafío (moi desexado) consiste en materializar os recordos, as crenzas, os anhelos, cun raño de esperanza que alumee a vida; desentrañar con coherencia esta historia de historias chea de medos e desexos de liberación.

UNHA CITA INELUDIBLE CON 9 MULLERES QUE SON COMO DA FAMILIA.



Os espectadores abrazan calidamente esta proposta que lles permite coa súa mirada interior completar o sentido deste universo agridoce e maravilloso. Viaxan coas nove mulleres, entre imaxes oníricas, melodías e a necesidade imperiosa de rescatar as raíces. Gozan coas emocións dos personaxes que en desdobramentos virtuosos, cheos de humor, poesía e tenrura, transpórtaos con xogos de impresionante sensibilidade.



Apóstase na dirección de Ánxeles Cuña Bóveda polo realismo máxico que contén o texto na súa esencia. Dáse o peso da representación á interpretación sólida, versátil e veterana, das tres actrices: Nate Borrajo, Fina Calleja e Sabela Gago e do actor Fernando Dacosta. Selecciónanse os signos para darlle corpo e voz. Harmonízanse para producir “emoción pura e descarnada”. Búscase un espazo moi espido con volumes e niveis para revivir tempos presentes, ausentes e detidos. A luz é vital!



O espazo échese de imaxes en movemento que contribúen a crear ritmo e transicións: siluetas de pavieiras, bolboretas con ás escritas, maletas, bicicletas que voan, auga, reloxos, letras góticas, partituras musicais ascendendo cos sons, aparicións... Signos coherentes para que esta ferverza de significados proporcione escena tras escena, situación tras situación, momentos ardentes para alcanzar pracer estético.



ESTREA:

4 de novembro de 2013 no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

REPARTO



FINA
CALLEJA

ELEONORA maior,
AVOA MARÍA



SABELA
GAGO

CELINA nena,
GUMERSINDA,
BLANCA



NATE
BORRAJO

ELEONORA nena,
FRANCISCA



FERNANDO
DACOSTA

CELINA maior,
ADRIÁTICA, JACINTA
e VICTORIA

REPARTO ARTÍSTICO E TÉCNICO

Deseño de escenografía
Laura Iturralde

Espazo sonoro
Renata Coda Fons

Gravación e DVD
Alba V. Carpentier

Producción artística e económica
Carlos Domínguez del Río

Deseño de iluminación
Pedro fresneda

Deseño de maquillaxe
Raquel F. Fidalgo

Publicidade e campaña de comunicación
Xoana Pardevila

Técnicos en escena
Rubén Dobaño
J.M. Bayón

Deseño de vestuario
Teté Seoane

Cartel y deseño gráfico
Ghedesign

Distribución
Fina Calleja
María Casar

Axudante de dirección
Nate Borrajo

Deseño de proxecciones
Diego B. Urbano

Fotografía
Mario G. Herradón

Dirección
Ánxeles Cuña Bóveda

CONDICIÓN TÉCNICAS

PERSOAL EN XIRA
3 actrices, 1 actor y 3 técnicos.

AUDIENCIA
Maiores de 12 años.

ESPAZO DE ACTUACIÓN
Ancho: 8m. / **Fondo:** 6m. / **Alto:** 4m.

POTENCIA DE LUZ
60.000 W

MAQUINARIA
Ciclorama negro de fondo (pode aportarlo a Compañía).
Toma trifásica con neutro a pé de escenario.

VÍDEO
Proxector 3,500 lumens ou superior.

MONTAJE
Reserva do espazo para descarga e estacionamento dun camión.
Presenza de persoal técnico do teatro durante a montaxe.

Tempo de montaxe: 8 h.
Tempo de desmontaxe: 2 h.

CARGA/DESCARGA
É imprescindible contar coa axuda de 2 persoas. Á chegada e á saída.
Tempo estimado de carga/descarga: 40 minutos.


CONTACTOS

Iluminación:
J. Manuel Bayón
650 012 824

Son:
Rubén Dobaño.
630 829 286

Sarabela:
sarabelateatro@yahoo.es
629 860 580





A COMPANHÍA

SARABELA TEATRO SITUÁSE NA CIDADE de Ourense. Ademais da produción de espectáculos infantís e de adultos, desprega unha ampla actividade formativa, creativa e de dinamización.

Tamén organiza tres Mostras e Festivais (MOTI, MITEU e FITO), proxectos que impulsan o encontro intercultural e sitúanse no mapa internacional, sendo importantes referentes dentro e fóra das nosas fronteiras.

Recoñecida como unha das Compañías máis consolidadas de Galicia, SARABELA TEATRO leva 33 anos de traballo incesante nos que o seu compromiso maniféstase en cada un dos seus espectáculos.

Autores como Ionesco, Kundera, Mishima, S. Belbel, M. Rivas, Calderón, Lorca ou Blanco Amor, entre outros, deixaron pegadas inesquecibles nunha prolífica travesía que foi derivando cara á produción de textos de autoría propia con títulos como “Tics”, “Margar no pazo do tempo” ou “Dáme Veleno”.

O seus últimos espectáculos: “A Esmorga”, de Eduardo Blanco Amor, “Konrad” de Christine Nöstlinger e “O incerto señor don Hamlet, de Álvaro Cunqueiro, “Tango” de Mrozek, “A voar”, “A viaxe a ningunha parte” de Fernando Fernán Gómez, “Os cantares das musas” baseada en “El caballero de las botas azules” de Rosalía de Castro e “A idade da pavía” confirman o seu compromiso co teatro e cos espectadores.

PREMIOS

6 Premios Compostela,
38 María Casares, 5 Fetén, 1 Celestina.
Finalista en 2 ocasións nos premios Max y en Teatralia.
1 Max ao mellor texto.
Premio do Espectador no FIOT de Carballo.
4 Premios de Honra:
Xiria, Abrente,
Palas de Rei y FETEGA.



TRAXECTORIA

- 2013 A idade da pavía
Os cantares das Musas
- 2012 A viaxe a ningunha parte
A voar
- 2011 Tango
- 2010 O incerto señor Don Hamlet
Konrad
- 2009 A Esmorga
- 2008 Dame veleno, eu tamén soñar
Cósima
- 2007 Margar no pazo do Tiempo
Cristovo e o Libro das Marabillas
- 2006 Macbeth
- 2005 O Heroe
- 2004 A gata con botas
Caricias
- 2003 Así que pasen 5 anos
- 2002 A conxura dos necios
- 2001 Sexismunda
A illa amarella
- 2000 O lapis do carpintero
- 1999 Os soños de Caín
Romance de Micomicón e Adhelala
- 1998 Tics
- 1997 Afección
- 1996 A Esmorga
- 1994 Cama (2 x 2 para 2)
- 1993 Xacobe e o seu Amo
- 1992 As sillas
- 1990 Madame de Sade
- 1989 Super-Tot
- 1988 Xacobe ou a sumisión
- 1987 A sangue do tempo
- 1986 A contrasicoanálise ou malia todo quérote papá
- 1985 O triciclo
- 1984 Hoxe de Hoxe de mil novecentos hoxe
- 1983 A Tuta e a Ramona
Os faladores
- 1982 Barriga verde
Poema nuclear
- 1981 O relevo
Noite de hóspedes
- 1980 Fando e Lis
- 1979 Xaulas
Mimo

